

## Nº 2

**Sábado, 23 de marzo de 2013.** Revista oral de periodicidade anual, editada polo Museo Fortaleza San Paio de Narla (Rede Museística da Deputación de Lugo).  
**Hora: 19 horas.** Lugar: Museo Fortaleza San Paio de Narla, Friol (Lugo). Duración aprox.: **1:30 h.** Deseño cabeceira: **tatata.** Coordina: **Antonio Reigosa.**

## SUMARIO

### Portada musical

*Xota de Pardeiro de Castriz*, por **Pandereteiras do C.P.I. Dr. López Suárez, de Friol (3')**

### Coleccións do Museo Fortaleza San Paio de Narla

*Para matar a sede* (útiles relacionados coa auga), por **Mª Rosario Fernández González (10')**

### Música

*Pasodobre de Cabaleiros*, por **Pandereteiras do C.P.I. Dr. López Suárez, de Friol (3')**

### Poesía (I)

*O mar a punto de abrirse*, por **Concha Blanco Montecelos (5')**

### Música

*Muiñeira de Calvos*, por **Pandereteiras do C.P.I. Dr. López Suárez, de Friol (3')**

### Medicina popular

*Trasmonte. O ritual terapéutico coñecido como "O mal do sartego"*, por **Higinio Martínez Fernández de la Vega (10')**

### Música

*O Son da Mariña*, por **Pandereteiras do C.P.I. Dr. López Suárez, de Friol (3')**

### Poesía (II)

*As palabras son coitelas*, por **Concha Blanco Montecelos (5')**

### Música

*Muiñeira de Grixoa*, por **Pandereteiras do C.P.I. Dr. López Suárez, de Friol (3')**

### Cruceiros de Friol

*O cruceiro de Cotá*, por **Fernando Arribas Arias (10')**

### Poesía (e III)

*Teño a alma cargada de orballo*, por **Concha Blanco Montecelos (5')**

### Música

*A Chiviña*, por **Pandereteiras do C.P.I. Dr. López Suárez, de Friol (3')**

### Cultura activa

*1ª Xornadas de Interpretación e Dinamización do Medio Rural* (Organiza: Asociación "Carballo Vivo"), por **Ángel Buján Zas e J. Manuel Iglesias Espiño (10')**

### Opinión

*Intervención do público (5')*

### Epílogo

por **Encarna Lago**, xerente da Rede Museística da Deputación de Lugo (3')

### Contraportada musical

*Chiqui-Chiqui de Lourido*, por **Pandereteiras do C.P.I. Dr. López Suárez, de Friol (3')**

## COLABORAN NESTE NÚMERO

**Fernando Arribas Arias.**- Profesor de EXB e Licenciado en Humanidades, traballa como Responsable de Difusión da Rede Museística da Deputación de Lugo. Historiador de cine e etnógrafo, leva publicados oito libros sobre os cruceiros, cruces e esmoleiros da Terra Chá, ademais de elaborar diversas ponencias sobre diferentes aspectos dos nosos cruceiros para congresos tanto galegos como de fóra de Galicia. Conferenciante e investigador, autor de numerosos traballos sobre temas artísticos e históricos, actualmente prepara a súa tese de doutoramento sobre os cruceiros galegos. É membro da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico-Artístico de Lugo, en representación do Consello da Cultura Galega, e presidente da Asociación de Amigos dos Cruceiros.

### **Asociación Cultural e Recreativa**

**“Carballo Vivo”.**- Nace coa finalidade de provocar un impacto social no eido da vida do nosos veciños e veciñas, buscando fórmulas integradoras de colaboración e dinamización cultural do rural. A etiqueta de *Carballo Vivo* pretende ser garantía de desenvolvemento de proxectos en prol do rural, especialmente na contorna de actuación. Entre os fins da asociación destacan os de promover o interese pola cultura e tradicións propias do entorno nas súas diferentes manifestacións, traballar pola defensa e recuperación do patrimonio etnográfico, lingüístico, histórico, e artístico, colaborar coas Comunidades de Montes da contorna como motor económico e ambiental do rural, especialmente coa da parroquia de Carballo no que atinxe a promoción e incentivamento dos seus produtos e a multifuncionalidade e sostemento dos diferentes usos. As xornadas de interpretación e dinamización de medio rural, están promovidas por persoas solidarias que posúen unha ampla experiencia nas súas profesións ademais de ter un compromiso real de mellora das condicións no rural, ditas xornadas pretenden ser un vínculo de conexión coa actualidade e a modernidade, facilitando un punto de encontro cos veciños e veciñas de forma que permitan reflexión sobre a situación actual aportando iniciativas e proxectos de futuro que promovan o crecemento sostible e equilibrado dende un punto de vista tanto social e cultural como económico e ambiental.

**Concha Blanco Montecelos.**- (Macedo, Condes, Friol, 1966). Labrega e poeta, activista política e social.

**M<sup>a</sup> del Rosario Fernández González.**- Nacida en Lugo en 1968, é licenciada en Xeografía e Historia, especialidade de Museoloxía pola

Universidade de Santiago de Compostela, Máster en Museoloxía e Museos pola Universidade de Alcalá. Desde hai dezasete anos ocupa a praza de Técnica da Sección de Artes Decorativas e Etnografía no Museo Provincial de Lugo e na actualidade é a Responsable do Departamento de Artes Decorativas e Etnografía. Realizou a reforma museográfica do Museo Fortaleza de San Paio de Narla e foi comisaria de numerosas exposicións en Italia, Polonia ou Portugal, así como no propio centro de traballo. Publicou varios catálogos razoados sobre coleccións do MPLugo: *Aleteos, Tempora Mutantur* (xunto con Fernando Arribas Arias), *Arte Africana, Ourivería Tradicional do Museo Provincial de Lugo...* e está a rematar o catálogo das coleccións do Museo Fortaleza de San Paio de Narla.

### **Higinio Martínez Fernández de la Vega.**

Nace en Friol (Lugo) en 1936. É licenciado en Dereito pola USC e Diplomado de Personal pola Escola Superior de Administración e Dirección de Empresas (ESADE) de Barcelona. Pertence ao Corpo Técnico Superior da Administración da Seguridade Social. Estivo destinado en Barcelona, A Coruña e Lugo, onde ocupou postos directivos na Comisión Técnica Evaluadora de Incapacidades, no INSERSO, no INSS e na Tesourería Territorial da Seguridade Social. Posteriormente pasou ao Corpo de Letrados da Xunta de Galicia. Tras a xubilación exerceu a avogacía. É coautor do libro “La Seguridad Social en la Administración Institucional”, autor dun traballo sobre o concello de Friol publicado na revista *Lucus* e doutro na *Revista Española del Daño Corporal* sobre a Seguridade Social. Na década dos 50-60 foi colaborador de *El Progreso* sobre temas relacionados co concello de Friol.

### **Pandereteiras do C.P.I. Dr. López**

**Suárez, de Friol.**- O *Obradoiro de canto tradicional e pandeirata* naceu a raíz da actividade de ir cantar os reis, no Nadal do 2009. Ao decatármonos de que no curso que se facían os cantos (1º de ESO) non había ningún alumno ou alumna que tocase instrumento algún, decidimos ofertar esta posibilidade como actividade complementaria, coordinada por **Nazaré Guerreiro**. Nesta ocasión participan 6 mozas, 4 delas levan desde o comezo do obradoiro e xa teñen un nivel moi aceptábel de dominio do instrumento e de coñecemento das cantigas tradicionais: **Marta Fernández García, Laura Barreiro Cobas, Rocío García Regueiro**, o curso pasado incorporouse **Lidia Álvarez Argerey** e neste curso **Alba Casanova** e **María Silvela**.

\*\*\*\*\*

